



ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

NOTIFICACIÓN: No día de data a Sra. Alcaldesa-Presidenta ditou a seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data de rexistro de entrada 30/11/2010 por Adrián Malvido Menduñía foi presentado escrito de recusación de determinados membros do Tribunal Cualificador designado para o proceso selectivo convocado para a selección de catro policía locais para o Concello.

O interesado remata o seu escrito interesando a suspensión da proba de coñecementos convocada para o día 2 de decembro de 2010.

O artigo 77 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinala que as cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiren á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación.

Dada a imposibilidade de resolver sobre a recusación con carácter previo á mencionada data e de acordo co exposto

DISPOÑO

PRIMEIRO: Suspender o proceso selectivo indicado en tanto non se resolva a recusación formulada e deixar, en consecuencia, sen efecto a convocatoria da proba de coñecementos fixada para o día 02/12/2010.

SEGUNDO: Déase traslado da presente resolución de acordo ao interesado e ao Tribunal, procedendo a súa publicación de acordo co disposto nas bases para o coñecemento do resto dos aspirantes do proceso selectivo facendo constar que por tratarse dunha resolución de trámite contra a mesma non cabe recurso ningún sen prexuízo de que se poida interpoñer o que se considere procedente.

Así o dispoño, en Cangas, a un de decembro de dous mil dez”

O que lle traslado para os eu coñecemento e produza os efectos oportunos.

A SECRETARÍA XERAL

Asdo. Berta Alonso Soto

Tableiro